



FUNCIONARIZACIÓN TES QUE DECIDIR

O DOG do venres 25 de xuño publicou a primeira RPT de funcionarización, con efectos dende o mesmo día, co obxectivo de que o xoves 1 de xullo sexa efectivo o cambio de vínculo xurídico do persoal laboral fixo coa Administración Autónoma.



A QUE POSTOS SE APLICA

Este cambio na RPT afecta a todos os postos de persoal laboral que pasarían a ser de corpos xerais ou das escalas de informática. Quedaría para a volta do verán a modificación da RPT das prazas das escalas de servizos sociais que foron da convocatoria de funcionarización de febreiro/2020 (psicloxía, medicina, pedagogía, enfermaría, educadores, fisioterapia, traballo social, terapia ocupacional, xardín de infancia e auxiliar de clínica).

O persoal funcionario agrúpase en corpos e escalas. Cada posto de persoal laboral cambia o seu grupo e categoría como persoal laboral, ao corpo/escala de persoal funcionario que lle corresponda segundo o *Decreto 165/2019, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo*

(<https://i.gal/decreto165-2019>). Toda a estrutura de escalas (cos requisitos de titulación), están publicados na Lei do emprego público de Galiza.

A QUE PERSOAS LLE AFECTA

As persoas que pasan a persoal funcionario de carreira son o persoal laboral fixo que en orixe tiña superado un proceso selectivo, e que foron obxecto da convocatoria de funcionarización de febreiro do 2020 (por agora, corpos xerais e escalas de informática, e para despois do verán as escalas de servizos sociais). Estes compañeiros e compañeiras poderán cambiar voluntariamente o seu vínculo xurídico dende o 1 de xullo.

Non cambian o seu vínculo, e por tanto continuarán como persoal laboral (aínda que ocupando posto de persoal funcionario na RPT):



- × o actual persoal laboral temporal e indefinido,
- × o persoal laboral fixo: a) que non participou no proceso de funcionarización ou non o superou, b) que na súa orixe non tivera superado un proceso selectivo, c) que non cumpra os requisitos de titulación, e d) que non acepte o cambio de vínculo.

A lei prevé que o actual persoal laboral temporal e indefinido, pase no futuro a persoal funcionario interino obrigatoriamente, aínda que as persoas representantes da Administración manifestaron a súa vontade de non forzar o cambio (pero por agora, o que está escrito na lei é o cambio obrigatorio ou o despedimento se non acepta).

CAL É A POSTURA DA CIG

A CIG defende a existencia dun vínculo único de empregado público coa Administración, no que non existan diferenzas de dereitos e deberes, adaptados exclusivamente ás condicións do traballo, e non ao vínculo funcional ou laboral.

Pero rexeitamos esta chapuza que comezou polo tellado, sen antes ofrecer un concurso de traslados do persoal laboral, un proceso selectivo coa correspondente promoción interna, fixar os niveis e os conceptos retributivos, e traspasar á Lei do emprego público todos aqueles dereitos que constaban no V Convenio Colectivo, de xeito que todos e todas, funcionarios e laborais, poidamos beneficiarnos dos mesmos.

Finalmente, Xunta, CCOO e UGT, pactaron esta funcionarización, comezando polo último paso, utilizando a carreira profesional como chantaxe.

COMO QUEDO SE ME FUNCIONARIZO

Superior categoría: como persoal funcionario vas á túa escala, e de aí non te moves. Acabouse ocupar un posto que non sexa da túa escala.

Adscricións temporais: o equivalente como persoal funcionario é a comisión de servizo. Pero ollo, sen criterios de antigüidade como si tiñas no V Convenio, senón que depende da decisión discrecional de quen decide, a dedo.

Reclamacións xudiciais por diferenzas salariais: esquéctete. A partires de agora, se consideras que fas funcións que non corresponden ás da túa escala, pide a orde por escrito e vai ao xulgado, para que ordenen que deixes de facelas.

XUNTA, CCOO E UGT LÉVANNOS A UNHA FUNCIONARIZACIÓN DESASTRE



RECUPERAR OS DEREITOS DO V CONVENIO PARA TODO O PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL

#FUNCIONARIZACIONCHAPUZA



Reclamación xudicial de pluses: os funcionarios e funcionarias non temos pluses. A única alternativa é a vía da negociación. Para conseguir incrementos dos futuros complementos retributivos tes que estar disposto a dar guerra, colectivamente.

Promoción interna saltando grupos: ata agora, tendo a titulación, podías promocionar a calquera grupo. Como persoal funcionario só poderás ascender ao grupo inmediatamente superior.

Vía xudicial: a resolución dos conflitos laborais xa non será a social, senón a contenciosa-administrativa, que é mais lenta e cara.

Futuros trienios diferentes para cada grupo: o persoal funcionario temos importes de trienios diferentes para cada grupo. A Xunta garante que o seguinte trienio que cumpras será polo importe que máis che beneficie (como persoal funcionario para os actuais grupos I e II, e como persoal laboral para o resto de grupos). Pero a partires dese primeiro trienio, os seguintes serán xa como persoal funcionario, polo que se es de grupos baixos, van a perder diñeiro.

COMO QUEDO SE NON ME FUNCIONARIZO

Reclamacións xudiciais por diferenzas salariais e pluses: cambian as condicións porque o posto que ocupas será de persoal funcionario aínda que ocupado por persoal laboral, pero pensamos que poderás seguir reclamándoas como ata agora. É unha vía por explorar.

Vía xudicial polo social: a resolución dos conflitos laborais continuará na xurisdición social, que é máis favorable que a contenciosa-administrativa que temos os funcionarios/as.

Quedas atado/a ao posto: a vontade da Xunta é non volver a convocar concurso de traslados de persoal laboral, nunca máis. A CIG interpuxo demanda xudicial para esixir a convocatoria, en cumprimento do establecido no V Convenio Colectivo que fala de concurso anual. Porén, a medida que os postos sexan reconvertidos a postos funcionariais, os postos afectados xa non poderán ser ocupados por persoal laboral, agás quen xa os estea a ocupar nese intre. Por exemplo, o venres 25 de xuño publicouse a primeira RPT de funcionarización, e con iso, xa ningún persoal laboral poderá pedir eses postos reconvertidos (tan só poderán continuar neles o persoal laboral que os estea a ocupar agora).

Os postos funcionarizados tampouco poderán ser adxudicados para superiores categorías ou adscricións temporais.

ALGUNHAS MENTIRAS E LENDAS

Como funcionario/a, vou ter máis posibilidades de promoción interna?: depende. É certo que en corpos xerais, ou en escalas como finanzas, adoita haber promoción interna a cada pouco. Pero a cousa non é tan simple. A decisión política da actual Función Pública é permitir:

- ✓ a promoción dunha escala á escala superior da mesma liña (por exemplo, ir da escala técnica de finanzas-A2, á escala superior de finanzas-A1);
- ✓ tamén ir de corpos xerais a unha escala cando esta é a inferior da súa liña (como ir de corpo administrativo-C1 á escala técnica de finanzas-A2), pero non entrar nunha escala por arriba (non permiten ir do corpo de xestión-A2 á escala superior de finanzas-A1 sen pasar pola escala técnica de finanzas-A2);
- ✓ e tampouco queren que abandones as escalas para ir a corpos xerais ou a outras escalas.

É dicir, hai promoción interna, pero poñen límites a que cambies de escala.

En canto aos números da promoción interna, non é para botar foguetes. Se no V Convenio estaba escrito que a promoción interna era do 50%, en funcionarios non é así. O mínimo legal é do 25%. Que haxa máis, depende da vontade política, que muda segundo lles vaia ben.

Concursos de traslados máis frecuentes e mellores: outro depende. É certo que en corpos xerais adoitan

convocar concursos cada dous anos (menos no último, que a cousa empeorou moito). Pero en Administración especial, e en escalas, a cousa é moi diferente, ás veces peor que en persoal laboral. Por exemplo, as escalas de gardacostas só tiveron un único concurso en toda a historia. O último de Administración especial foi convocado no 2012. Así que a cousa non vai moito mellor do que tiñas como persoal laboral.

A maiores, ten claro que só vas a poder concursar a postos da túa mesma escala (a diferenza dos cambios de categoría que reconece o V Convenio, o persoal funcionario non podemos cambiar de escala nos concursos de traslados).

Xubilación parcial anticipada: o persoal funcionario nunca tivemos a opción da xubilación anticipada como si tivo ata fai pouco o persoal laboral. Pero actualmente tampouco o persoal laboral ten esa alternativa, simplemente porque a Xunta négase a pactalo (requisito esixido pola lexislación estatal).

Segunda actividade e coeficientes redutores para a xubilación: non hai diferenza entre estes dereitos sendo persoal funcionario ou laboral. A xubilación depende da lexislación estatal, que terían que modificar. E a segunda actividade depende da vontade política da Xunta. Nesta materia estás igual independentemente do teu vínculo coa Xunta.

RETRIBUCIÓNS

Como funcionario/a cambian os conceptos retributivos: terás o salario, os trienios, o complemento de destino (CD) e o complemento específico (CE). A isto hai que engadir o complemento de carreira e o complemento de funcionarización. Nalgúns casos complemento de produtividade.

#FUNCIONARIZACIONCHAPUZA

XUNTA, CCOO E UGT VAN A CREAR UNHA COMISIÓN PARA INICIAR OS TRABALLOS DE ESTUDO DUNHA COMISION PARA FACER UN PLAN PARA AMAÑAR A DESFEITA QUE PROVOCARON COA FUNCIONARIZACION SEN GARANTÍAS

IMOS APAÑADAS SE O FAN OUTRA VEZ!!!



O **complemento específico** é un concepto vinculado ao posto de traballo. Aparece indicado na RPT publicada no DOG, e sería o equivalente a recoller as características do posto (os pluses). Tradicionalmente o complemento específico viña ligado a un “nivel” do posto. Pero iso pasou á historia fai anos.

O **complemento de destino** é unha retribución vinculada á túa historia laboral. Ven a recoller a evolución dos diferentes niveis polos que pasaches durante o tempo, e que se “consolidan” co paso dos anos como “grao de complemento de destino” (simplificando moito a explicación). Non confundir co “grao da carreira profesional”. Habitualmente vai en paralelo ao nivel do complemento específico. Pero non necesariamente (por exemplo, se exerciches unha xefatura durante certo tempo, e posteriormente regresas a un “posto base”, o teu nivel de complemento específico minguará, pero conservarás o grao do complemento de destino).

Función Pública comprometeuse a que a funcionarización non implique perda de retribucións. Asignarache un CE e un CD, e se a suma das retribucións fosen inferiores as que cobrarías como persoal laboral, incorporarán a diferenza nun **complemento de funcionarización**. Este complemento ten dúas partes, unha que recolle as diferenzas dos trienios, e que o manterás para sempre. A outra parte é a que recolle as diferenzas sen os trienios, e que perderás o día que te movas de posto.



O **complemento de carreira profesional** foi a arma da Xunta, coa colaboración de CCOO e UGT, para chantaxearte, xa que no “Acordo de concertación” que asinaron os tres, se non te funcionarizas, non cobras. A CIG meteu isto no xulgado, e o Tribunal Superior de Xustiza xa nos deu a razón, pero a Xunta presentou recurso de casación ante o Tribunal Supremo. Ao tempo tamén temos recorrida a Orde de confección de nóminas. Contamos gañar, e que teñan que recoñecer

o dereito a todo o persoal que cumpra os anos de servizos e os requisitos de formación, independentemente do seu vínculo.

A aparición da pandemia implicou a paralización da xustiza durante un ano. Ninguén se alegra, evidentemente, pero o caso é que para este asunto veulles moi ben, pois chegou a hora de decidir e aínda a cousa está nos tribunais. Porque o certo é que se a xente tivese garantías de que non vai perder a carreira profesional, moito persoal laboral decidirá non funcionarizarse.

Que vai pasar con isto? Estamos certos de que vamos a gañar, porque nese sentido houbo outras sentenzas. Pero pode chegar tarde para algúns compañeiros e compañeiras.

A día de hoxe o que temos é que Función Pública suspenderá o cobro da carreira a quen non se funcionari-ce, agás que sexa por falta de titulación. A Orde de confección de nóminas fala de devolución do cobrado, pero o director de Función Pública insistiu en falar de suspensión, non de devolución (terán que modificar a Orde de nóminas para que así sexa).

Hai outra cuestión pendente: as retribucións das **condicións especiais de traballo**. O persoal funcionario non temos convenio colectivo, tan só podemos chegar a acordos. Como dixemos, comezamos polo último, xa que o Acordo de retribucións desas condicións especiais de traballo tiña que estar feito, para que as persoas afectadas soubesen como van a quedar. A día de hoxe, non hai nada. Tan só boas palabras. Veremos.

ALGUNHAS LIGAZÓNS DE INTERESE

Web da CIG-Autonomica:

<http://autonomica.cigadmon.gal>

Retribucións 2021:

<https://i.gal/retribuciones2021>

Contactar e recibir información da CIG-Autonomica:

<https://i.gal/recibirinformacioncig>

Asamblea sobre a funcionarización:

<https://i.gal/funcionariza170621>

Todo sobre a funcionarización:

<https://i.gal/xuntafuncionariza>

Lei do emprego público de Galiza

<https://i.gal/lepg>

Decreto 165/2019, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo

<https://i.gal/decreto165-2019>

